

# CURSO ESCOLAR 2021-2022

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS-1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA-PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### 1.- Competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
3. Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
4. Aprender a aprender (CAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.
5. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrático na vida social e cívica.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e cestionar proxectos.
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

## 2.- Obxectivos da educación primaria.

- a) A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permita:
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3.- Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA</b>				
m	B1.1. O autocoñecemento. A toma de conciencia dun mesmo/a. A autopercepción positiva das calidades persoais. A descrición física.	B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.	CSC
			VSCB1.1.2. Expresa oralmente a súa autodescrición.	CSC CCL
			VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	CSC CCL

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a m	B1.2. As emocións. Identificación e expresión. O vocabulario das emocións. Os estados de ánimo.	B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.	CSC CSIEE
			VSCB1.2.2. Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións	CSC CCL
			VSCB1.2.3. Dramatiza diferentes estados de ánimo.	CCL CCEC
m	B1.3. A autorregulación das condutas cotiás. O control dos impulsos. A relaxación.	B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.1. Participa na práctica de técnicas de relaxación.	CSC CSIEE
			VSCB1.3.2. Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.	CSC CSIEE
			VSCB1.3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.	CSC CSIEE
b	B1.4. A responsabilidade. A realización responsable das tarefas. As consecuencias das	B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	accións. A motivación extrínseca.	responsabilidade.	VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.	CSC CSIEE CAA
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>				
m	B2.1. Habilidades de comunicación: A importancia de pensar o que se vai expresar. Compoñentes da comunicación non verbal: postura, xestos, expresión facial.	B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	CCL CSC
			VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	CCL CSC CSIEE
b e	B2.2. A conversa. A expresión clara das ideas. A escoita atenta. O respecto da quenda de palabra.	B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención	VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	CCL CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		e respectando a quenda de palabra.	VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	CCL CSC
m	B2.3. O respecto e a valoración dos e das demais. A empatía.	B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.	CSC CCL
			VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.	CCL CSC
			VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.	CCL CSC CSIEE
			VSCB2.3.4. Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.	CSC CCEC
e	B2.4. O respecto e a valoración. A comprensión	B2.4. Descubrir e comprender	VSCB2.4.1. Representa e dramatiza	CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m	dos e das demais. A detección das calidades doutras persoas. O descubrimento e a comprensión das diferenzas.	as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.	diferentes formas de vida.	CCEC
			VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	CCL CSC
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>				
m	B3.1. As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda. A participación en actividades lúdicas grupais. O gozo da amizade.	B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	CSC CNIEE
			VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.	CSC CNIEE
			VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.	CSC
			VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	CSC CNIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c	B3.2. A resolución de conflitos. Identificación de situacións agradables e desagradables na vida cotiá. Recoñecemento dos conflitos habituais. Explicación dos conflitos cotiás.	B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade	CAA CSIEE CSC
a o	B3.3. As normas de convivencia. O coñecemento e o respecto das normas de convivencia na casa e na aula. A valoración das condutas cotiás en relación coas normas de convivencia.  B3.4. Respecto e conservación do medio ambiente. O uso responsable dos materiais persoais e escolares.	B3.3.Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	CSC
			VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	CSC CSIEE
			VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.	CSC
d	B3.5.Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola.	B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC
			VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC
n	B3.6. A educación viaria. As normas básicas de educación viaria. Sinais de tráfico para os peóns	B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas	CSC CSIEE



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	ou peoas.		de educación viaria.	
			VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	CSC CAA
			VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.	CSC CCL

**4.- Vinculación entre estándares de aprendizaxe, con indicación dos mínimos esixibles para promocionar, e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	50% 50%

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
VSCB1.1.2.Expresa oralmente a súa autodescripción.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB1.2.2.Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB1.2.3.Dramatiza diferentes estados de ánimo.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	50% 50%
VSCB1.3.1.Participa na práctica de técnicas de relaxación.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB1.3.2.Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	X	X	X		Análise producións dos alumnos	100%
VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	40% 60%

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	X	X	X		Observación sitemática	100%
VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	65% 35%
VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	65% 35%
VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	X	X	X	X	Intercambio oral	100%
VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais	X	X	X		Observación sistemática	50%

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
persoas.					Intercambio oral	50%
VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.3.4. Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.4.1. Representa e dramatiza diferentes formas de vida.	X	X	X		Intercambio oral	100%
VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na	X	X	X		Observación sistemática	100%

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
aula.						
VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	X	X	X	X	Observación sistemática Intercambio oral	60% 40%
VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	50% 50%
VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	X	X	X		Análise das producións dos alumnos	100%
VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	X	X	X		Observación sistemática	100%
VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	80% 20%
VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso		X	X		Observación sistemática	100%

CURSO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
Estándares de aprendizaxe						
frecuente.						
VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.		X	X		Intercambio oral	100%

### 5.- Elementos transversais.

Traballaranse en tódalas disciplinas:

- A comprensión lectora,
- A expresión oral e escrita,
- A comunicación audiovisual,
- As tecnoloxías da información e a comunicación,
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional
- Os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- Prevención de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Educación e seguridade viaria

## **6.- Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.**

### **6.1. Principios metodolóxicos**

**Emprego dun estilo educativo asertivo.** Fuxindo dunha postura inhibicionista tanto coma da concepción punitiva, practicarase unha actitude comprensiva coas posibilidades e características do alumnado, buscando a súa mellora permanente e guiando as súas aprendizaxes. Como reforzo do esforzo, da conduta adaptativa ou do traballo ben feito usarase fundamentalmente o eloxio constante, ao mesmo tempo que se ignora ou se reprende o comportamento inadecuado. Esta discriminación condutual, xunto co trato respectuoso e xusto favorecerán a autoestima, o rendemento escolar e a convivencia pacífica, contribuíndo ao desenvolvemento do clima escolar necesario.

**Procura de aprendizaxes significativos.** Nas diferentes unidades de ensino-aprendizaxe procurarase sempre

- Que os contidos sexan lóxicos e coherentes, con estrutura e vocabulario adaptados ao alumnado ao que se dirixen.
- Que o alumnado teña os coñecementos previos necesarios para comprender os novos contidos e que estes estean activados.
- Que o alumnado teña a predisposición, a actitude, o interese e a motivación necesarias para interactuar cos contidos que lle propomos.

**Desenvolvemento de traballo por proxectos e traballos de investigación.** Sen olvidar as aprendizaxes por recepción, baseadas nas explicacións e na presentación de contidos por parte do profesorado, iranse promovendo traballos nos que, coa guía do profesorado, será o alumnado (só ou en cooperación cos seus compañeiros) o que busca a información, a traballa e elabora con ela algún tipo de produto, que presenta aos demais. A biblioteca e as TIC serán recursos fundamentais para o desenvolvemento destes traballos.

**Metodoloxías activas.** O alumno non pode quedarse nunha recepción pasiva de coñecementos. Promoverase a actividade mental do alumno, que deberá traballar a información que recibe, enlazándoa cos seus coñecementos previos, dándolle sentido, esforzándose por entendela e buscando un cambio nos seus esquemas de coñecemento. As técnicas de traballo intelectual e comprensión lectora (resumes, esquemas...) ou o tipo de traballo que mencionamos no punto anterior, son fórmulas eficaces para promover esa actividade mental necesaria.

**Atención á diversidade.** Ter en conta as **peculiaridades** (ritmos e estilos de aprendizaxe, capacidades, etc.) de cada grupo e de cada neno/a concreto. Cada alumno ten as súas necesidades educativas e algúns presentan necesidades educativas especiais que deberán ser atendidas.

**Traballo cooperativo.** É preciso promover as **relacións entre iguais** para favorecer a confrontación e a modificación dos puntos de vista propios.

**Contribución ao desenvolvemento da capacidade “de aprender a aprender”.**

As sucesivas unidades de ensino-aprendizaxe que se desenvolven no centro irán encamiñadas a que o alumnado aprenda a regular os seus propios procesos de aprendizaxe, é dicir a planificar, supervisar e avaliar o seu comportamento cando se enfrenta a calquera tarefa escolar.



**Cooperación e complicidade coas familias do alumnado**, como requisito de primeiro orde para conseguir os obxectivos educativos do currículo escolar.

## **6.2. Secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe.**

A concreción da metodoloxía maniféstase na secuencia e no tipo de actividades que o profesorado programa e que logo desenvolve na aula co alumnado. A secuencia base da actividades educativas aproxímarase á seguinte:

**6.2.1.- Actividades para a presentación do centro de interese a traballar da forma máis chamativa posible, tratando de espertar a atención do alumnado e de motivalo cara as novas aprendizaxes, mediante vídeos, lecturas, xogos...**

**6.2.2.- Actividades de indagación/explicitación das ideas previas dos alumnos/as:**

- **Informar** aos alumnos/as sobre os novos contidos a tratar, buscándolle **relación con outros contidos tratados con anterioridade**.
- Facer **preguntas** que obriguen aos distintos alumnos/as a relacionar os novos contidos con diferentes situacións funcionais e **que permitan identificar que tipos e graos de coñecemento** teñen sobre o tema.
- Promover a **intercomunicación do alumnado** sobre as novas cuestións (isto dá unha información importante para formar grupos).
- **Rexistrar** en instrumentos adecuados a información sobre a situación inicial dos alumnos/as.

**6.2.3.- Actividades para a aprendizaxe dos novos contidos:**

Usaranse fundamentalmente dúas vías:

**a) Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:**

- profesor presentará o **novo contido de xeito claro, ben estruturado dende o punto de vista lóxico, usando demostracións, exemplos, formatos diferentes (imaxe, vídeos, esquemas...)** e posibles aplicacións a casos prácticos.
- Inmediatamente despois alumnos e alumnas con diferentes capacidades e coñecementos previos **resolverán exemplos semellantes** diante dos compañeiros, quedando para o final os menos competentes respecto a eses contidos.
- Analizaranse con todo o grupo **actividades xa resoltas** (ben ou mal).
- Propóranse **actividades de igual complexidade** cós exemplos do mestre/a para que os alumnos/as os fagan **autonomamente**.
- Organizaranse **actividades en pequenos grupos heteroxéneos** (en canto a capacidade e coñecementos previos) que rematan cunha exposición dos resultados ó grupo clase (con intervención de todos).

#### **b) Traballos de investigación ou busca de información por parte do alumnado coa guía do profesor:**

- Escóllese o tema a traballar (mellor coa participación do alumnado).
- Estúdanse as concepcións previas do alumnado sobre o tema.
- Concrétanse os aspectos que queremos descubrir (que queremos saber?).
- O profesorado propón os recursos (en papel ou na rede) que se consultarán para responder as preguntas.
- O alumnado busca a información nas fontes propostas.
- O alumnado traballa a información e con ela elabora un produto final (un documento, un mural, unha presentación...), para mostrarlle aos demais as súas conclusións.

#### **6.2.4.- Actividades de xeneralización e de aplicación das aprendizaxes adquiridas:**

- O profesor explica con claridade, con exemplos e demostracións, como os contidos aprendidos se aplican a diferentes situacións. Irá aplicando o novo contido a diferentes variables e explicitando os pasos para resolve-la situación.
- Propóráselle aos alumnos/as actividades de diferentes graos de complexidade, dándolle opción a que cada un elixa a que máis se adapte á súa competencia. O grao de complexidade virá dado en función de:

o Parecido coas actividades de aprendizaxe.

o Número de variables a ter en conta.

o Grao de dirección da actividade.

- Organizaranse actividades de titoría de alumnos por parellas ou en pequenos grupos.

#### **6.2.5.- Actividades de exercitación e memorización:**

- Organizar **actividades de reforzo** (co mesmo grao de complexidade que as anteriores) e de **ampliación** (mesmos contidos en situacións diferentes).
- Organizar **novas actividades de titoría entre iguais**, actuando os máis competentes como modelos.

#### **6.2.6.- Actividades de aplicación práctica das aprendizaxes a situacións concretas da vida real (implican resolver situacións problemáticas similares ás presentadas na avaliación das competencias básicas):**

- Propoñer algún **traballo que leve consigo algún tipo de produto**, para que o alumno/a aplique as aprendizaxes adquiridas: unha saída, situación de laboratorio, cartel-mural resume, exposición ó grupo clase..... Proponanse varios **traballos de distinta complexidade**.

#### **7.- Materiais e recursos didácticos.**

- Libro de texto: VALORES 1 .Primeiro de primaria editorial Vicens Vives.
- Recursos fotocopiabiles con actividades de reforzo e de ampliación.
- Caderno do alumno con actividades de reforzó.
- Libro dixital para o profesor.
- Cd de audio para o profesor.

- Material de aula: equipo de son, láminas, ordenador con conexión a internet, canón de video...
- Guía didáctica.
- Recursos da biblioteca escolar.

## **8.- Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación inicial levarase a cabo entre o 10 e o 30 de setembro. Farase en base ás seguintes accións:

- Análise das actas finais do curso anterior de cada grupo de alumnos.
- Análise dos informes individualizados ou informes psicopedagóxicos que poida haber de cada alumno.
- Observación da actividade escolar de cada grupo e de cada un dos alumnos/as durante o traballo de aula..
- Realización de probas específicas de avaliación inicial elaboradas previamente polo profesorado en base aos estándares de aprendizaxe do curso anterior.
- Valoración dos resultados e toma de decisións para recoller as medidas que se consideren oportunas na programación didáctica.
- Reunión da avaliación inicial durante a primeira semana de outubro.
- Rexistro dos datos da avaliación inicial nos documentos do profesorado e no XADE.

## **9.- Procedemento de avaliación continua.**

Cada titor/a coordinará o desenvolvemento da avaliación continua que será realizada polo Equipo Docente de xeito colexiada.

Os profesores/as de cada área informarán ao alumnado sobre os obxectivos, competencias básicas, contidos e estándares de aprendizaxe que se lle van pedir. Esta información será xeral ao principio de curso e máis concreta ao comezo de cada unidade didáctica.

Para a avaliación continua terase en conta toda a actividade desenvolvida polo alumnado: tarefas que realiza diariamente na aula (exercicios de libro de texto, exercicios de caderno, traballos, participación oral...), probas escritas periódicas, esforzo e actitude.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan: reforzo educativo, adaptación curricular non significativa, apoio pedagóxico por parte do profesorado encargado desta tarefa, compromiso educativo coas familias...

Durante o curso celebraranse tres sesións de avaliación, que coincidirán cos finais de cada un dos trimestres. De cada unha destas sesións o titor/a de o grupo levantará acta coas decisións e acordos adoptados.

Posteriormente a estas sesións de avaliación, o titor/a informará ás familias sobre o resultado da avaliación, por escrito, mediante o boletín de notas, e introducirá as cualificacións no XADE.

Independentemente destas reunións, a relación entre titor e familia deberá ser continua ao longo do curso escolar, debéndose intensificar as entrevistas coas familias de alumnos cuxo rendemento non sexa adecuado. Cada titor/a terá un rexistro de visitas de pais/ nais.

A final de cada curso, o titor/a entregará ás familias información máis detallada da evolución do seu fillo/a, indicando os aspectos que deben mellorarse. Esta información referirase aos obxectivos de cada área e ao grado de adquisición das competencias clave.

Esta información curricular será incluída polo titor no expediente académico.

Procedemento para a toma de decisión da promoción de nivel:

- Ao finalizar o curso, o equipo docente de nivel, reunido en sesión de avaliación final, deberá decidir sobre a promoción de cada un dos alumnos e alumnas ao curso seguinte.
- A decisión debe ser consensuada por todo o profesorado, debendo ter especial consideración a información do titor ou titora. En caso de non existir acordo prevalecerá a opinión do titor/a.
- No caso que un titor ou titora considere que é máis adecuado que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso, deberá entrevistarse coas familias (antes de que o Equipo Educativo tome a decisión), a fin de solicitar a súa opinión sobre tal medida. De devandita entrevista deberá quedar constancia escrita.

## **10.- Medidas de atención á diversidade**

Ás clases de Valores asistirá, como norma xeral, todo o alumnado do grupo, sen que ninguén saia a recibir apoio fóra de aula. Tampouco contarán, habitualmente, con ningún profesorado de apoio. Polo tanto, as medidas fundamentais de atención á diversidade que se poñerán en

marcha serán aquelas que axuden a xestionar o grupo completo tendo en conta, na maior medida posible, as necesidades específicas de cada un dos seus integrantes. As metodoloxías propostas son as principais medidas de atención á diversidade. Ademais, na programación de aula ou na programación de cada unha das unidades didácticas concretaranse medidas específicas para desenvolver ao longo do curso, entre as que poderían contemplarse, entre outras:

- Priorizar os obxectivos e contidos que se consideren fundamentais para futuras aprendizaxes, que teñan funcionalidade e aplicación práctica e que fagan referencia a procedementos.
- Partir sempre dos coñecementos previos de cada alumno.
- Diseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade e que permitan distintos modos de execución.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.
- Propoñer actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos: pequeno grupo, gran grupo, individual.
- Planificar actividades de libre execución por parte dos alumnos segundo os seus intereses.
- Planificar actividades que faciliten a manipulación e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.
- Distribución heteroxénea do alumnado.
- Ubicación do alumnado con necesidades específicas nos lugares que máis lle favorezan.
- Plantexar sesións onde se alternen a explicación de teoría coa realización de exercicios prácticos.
- Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a comunicación e o descubrimento.
- Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as (especialmente para os alumnos/as con neae).
- Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todos os alumnos/as, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e neae. Son especialmente adecuadas: técnicas de demostración e modelado, técnicas de traballo cooperativo, titorías entre iguais, traballo por proxectos, ...
- Favorecer o tratamento globalizado e interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe buscando a xeneralización.
- Partir das motivacións e intereses dos nenos/as (centros de interese).

- Fomentar un bo clima de relacións sociais (respecto e tolerancia).
- Favorecer o uso de distintos materiais e recursos para que podan manipular e experimentar.
- Empregar distintos espazos e recursos dentro e fóra da aula.
- Introducir a avaliación do contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, a participación, traballos individuais e grupais, ...)
- Concretar e/ou facilitar os contidos mínimos que deben estudar.
- Plantexar modificacións na forma de preguntar nas probas de avaliación (tipo test, de desenvolvemento, exames orais, preguntas de unir con frechas, preguntas curtas, secuenciar os pasos dun problema, distanciar as preguntas en distintas follas, empregar apoios visuais, uso das TICs, ...)
- Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da iluminación.
- Contratos didácticos co alumnado e coas familias.

## 11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				

4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				



7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 12. Avaliación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará: cada ano, a principio de curso

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				

Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación.				
Adecuación dos estándares mínimos para a promoción do alumnado.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Concreción dos elementos transversais.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				

Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
--	--	--	--	--

### **13.Pautas para a educación en tempo de confinamento. Orientacións para elaborar traballos durante a pandemia.**

**1.- Horario:** Seguirase o horario espello establecido no plan de continxencia do centro para o curso 2021-2022.

**2.- Recursos tecnolóxicos para a educación a distancia:** Utilizarase preferentemente a Aula Virtual do Centro, onde estarán aloxados e secuenciados, coa antelación suficiente, contidos e actividades.

#### **3.- Estrutura das unidades didácticas:**

Para traballar os contidos seleccionados podemos facer tres bloques de actividades:

##### ***Bloque 1.- Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:***

- Presentarémolle ao alumnado os contidos que imos traballar e ofrecerémolle unha explicación clara, ben estruturada dende o punto de vista lóxico, usando vídeos, esquemas ou imaxes, seleccionados de internet, ou ben textos, arquivos de audio e/ou vídeo, presentacións... creados por nós.
- Debemos comunicarlle que é moi importante entender o que se explica e que se non fose así debe comunicarllo ao profesorado para que este se poña en contacto con el e busque a mellor maneira de que chegue a comprender o que non entende.

##### ***Bloque 2.- Práctica e afianzamento das novas aprendizaxes.***

Unha vez dada a explicación o profesorado propoñeralle unha serie de exercicios ou actividades nos que o alumno deberá practicar as aprendizaxes que lle foron presentadas e demostrar que as ten ben adquiridas. As actividades deben ser dunha complexidade similar á das explicacións previas para que o alumnado poida realizalas autonomamente.

##### ***Bloque 3.- Xeneralización de aprendizaxes. Conexión con outras aprendizaxes previas. Reforzo. Ampliación. Creación.***

Neste bloque entrarían aquelas actividades que poden non estar vinculadas estritamente cos novos contidos seleccionados e traballados no tema pero que nos parecen de moito interese:

- Exercicios de repaso do esencial da área.
- Actividades de creación, a proposta do profesor/a correspondente ou de departamentos ou organismos externos (biblioteca escolar, por exemplo).
- Actividades de razoamento, de análise da realidade, de experimentación...
- Actividades de reforzo (da mesma complexidade das traballadas no núcleo do tema), para alumnos que non chegaron a adquirir as aprendizaxes clave da unidade didáctica.
- Actividades de “recuperación” de aprendizaxes traballados en temas anteriores, pero que para algúns supoñen lagoas a superar.
- .....